



RESOLUCIÓN DA XEFATURA TERRITORIAL DE VIGO, POLA QUE SE FAI PÚBLICA A RELACIÓN DEFINITIVA DAS EMBARCACIÓNS SELECCIONADAS PARA O OUTORGAMENTO DA MODALIDADE DE ANEMONE AO ABEIRO DO PLAN DE EXPLOTACIÓN PARA O RECURSO ESPECÍFICO DENDE EMBARCACIÓN, DA CONFRARÍA DE PESCADORES DE VILANOVA DE AROUSA APROBADO PARA OS ANOS 2020 E 2021.

ANTECEDENTES

Primeiro. A Resolución da Consellería do Mar, pola que se aproba o Plan de xestión de marisqueo de nova incorporación para a conservación e explotación de anemones 2020-2021, na modalidade de embarcación con técnicas de mergullo, presentado pola confraría de pescadores de Vilanova de Arousa, establece un número máximo de 7 mergulladores para o plan de xestión de anemone dende embarcación.

Segundo a dita Resolución a selección de embarcacións realizarase conforme a *Resolución do 4 de maio de 2016, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, pola que se aproba o baremo para acceder ás modalidades de recursos específicos no permiso de explotación das embarcacións, así como para elaborar as listas e actualizar os méritos para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas nun plan de xestión de recursos específicos, modificada pola Resolución do 18 de maio de 2020.*

Segundo. O 2 de febreiro de 2021, a Confraría de pescadores da Vilanova de Arousa, solicita o inicio do proceso selectivo.

Terceiro. O plan establece unha cota por mergullador enrolado de 15 kg o día, e unha cota por embarcación de 45 kg o día, o que supón un máximo de 3 cotas por embarcación, polo que o 8 de febreiro de 2021 se lle require á confraría para que indique o número máximo de cotas que se outorgará por embarcación.

Cuarto. O 18 de febreiro de 2021 a Confraría establece outorgar unha cota por embarcación.

Quinto. O 26 de febreiro de 2021 a Xefatura Territorial da Consellería do Mar en Vigo convocou o proceso selectivo para outorgar a modalidade de anemone, para o exercicio da actividade extractiva no ámbito da Confraría de pescadores de Vilanova de Arousa.

Sexto. Rematado o prazo de presentación conséntase que se presentaron 9 solicitudes ó proceso selectivo.

Sétimo. A Resolución do 13 de abril de 2021 da xefa territorial da Consellería do Mar en Vigo publicou a lista provisional de aspirantes admitidos no proceso selectivo, non habendo solicitudes excluídas e estableceuse un prazo de 15 días hábiles para a presentación de alegacións.

Octavo. Presentáronse un total de 2 escritos de alegacións no prazo establecido, que foron desestimados.





Noveno. Por Resolución do 7 de maio de 2021 da xefa territorial da Consellería do Mar en Vigo convocouse un sorteo para o día 19 de maio de 2021 para dirimir os empates producidos entre 2 participantes empatados con 4,50 puntos. Nesa mesma data foi publicada a acta do sorteo .

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

Primeiro. O artigo 42º da *Lei 11/2008, de 3 de decembro, de pesca de Galicia, modificada pola Lei 6/2009, do 11 de decembro*, establece que: "A explotación das distintas especies de recursos específicos realizarase por modalidades. Esta requirirá estar en posesión das correspondentes habilitacións previstas no artigo 39º desta lei e participar nun plan de xestión".

Segundo. A *Orde do 30 de decembro de 2015 pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da comunidade Autónoma de Galicia* determina nos seus artigos 25 a 30 os requisitos e o procedemento para a obtención da modalidade de recursos específicos no permiso de explotación da embarcación.

Terceiro. A *Resolución do 4 de maio de 2016 da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro* establece o baremo para acceder as modalidades de recursos específicos no permiso de explotación.

Cuarto. A Xefatura Territorial de Vigo é competente para ditar as resolucións deste proceso selectivo segundo establece o artigo 52 da *Orde do 30 de decembre de 2015, pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia*.

De acordo con todo o indicado, **RESOLVO:**

Primeiro. Aprobar a relación definitiva das embarcacións seleccionadas para o outorgamento de 7 cotas da modalidade de anemone, no exercicio da actividade extractiva a mergullo, no ámbito do Plan de explotación da Confraría de pescadores de Vilanova (ANEXO I).

Segundo. Abrir un prazo de 15 días hábiles, contados dende o día seguinte ao da publicación desta resolución, para que as persoas armadoras das embarcacións seleccionadas presenten a seguinte documentación para a obtención da modalidade e a asignación final de cotas á embarcación:

- a) Rol de despachos actualizado da embarcación coa dotación de tripulación enrolada.
- b) Certificacións profesionais que correspondan ás persoas tripulantes enroladas, agás no suposto de autorización expresa por parte das persoas tripulantes á Consellería do Mar para a consulta das certificacións profesionais expedidas pola Consellería do Mar. A autorización expresa para a consulta destes datos realizarase empregando o anexo X da *Orde do 30 de decembro de 2015 pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia*, DOG nº 13, do 21/01/2016).





c) No caso de embarcacións que posúan cinco (5) artes ou modalidades no seu permiso de explotación, a renuncia a algunha delas.

Se a documentación non se presenta no prazo establecido, entenderase que desisten da súa solicitude.

Está resolución estará exposta na páxina web <http://www.mar.xunta.gal> e con carácter informativo, nos taboleiros de anuncios da Xefatura Comarcal de Pontevedra, da Xefatura Comarcal de Vilagarcía e da Confraría de Pescadores correspondente.

Contra esta resolución que non pon fin a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de alzada ante a Conselleira do Mar no prazo de un mes, a contar dende o día seguinte ao de publicación desta resolución, segundo o previsto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (BOE núm.236, do 2 de outubro de 2015





ANEXO I

Proceso selectivo - Permisos de explotación de recursos específicos, modalidade ANEMONE, dende embarcación

Confraría de Vilanova de Arousa

EMBARCACIÓNS SELECCIONADAS

Nº	NOME DA EMBARCACIÓN	MATRÍCULA E FOLIO	COTAS	1.EXPERIENCIA PROFESIONAL ARMADOR	2.HABITUALIDADE DA ACTIVIDADE PESQUEIRA	3. ANTIGÜIDADE DA EMBARCACIÓN NUN PORTO BASE INCLUÍDO NO ÁMBITO TERRITORIAL DAS ENTIDADES TITULARES DO PLAN	4. Nº DE ARTES	5. FORMACIÓN (Max. 3 puntos)		6. TER PERSOAS ENROLADAS DO XÉNERO FEMININO	TOTAL
								Actividades de formación	Titulación académica		
1	DOS HERMANAS	3ªVILL3-9442	1	0	0,5	3	2	0	0,25	0	5,75
2	SIRENA	3ªVILL3-9191	1	0	0,5	3	0,50	1,15	0,60	0	5,75
3	DIANA UN	3ªVILL3-5-02	1	0	1	3	0	0,72	1	0	5,72
4	LOLA	3ªVILL3-6076	1	0	1	3	1	0	0,15	0	5,15
5	CARMEN	3ªVILL3-6037	1	0	0,5	0	2	1,08	1,15	0	4,73
6	JOSEFINA	3ªVILL3-5422	1	0	0,5	3	1	0	0,15	0	4,65
7	PATRI	3ªVILL2-4697	1	0	0	3	0,50	0	1	0	4,50

EMBARCACIÓNS NON SELECCIONADAS

8	OJO	3ªVILL3-8046	1	0	0,5	3	1	0	0	0	4,50
9	MAPAZ	3ªVILL3-8496	1	-	0	0	2	-	-	0	2

